



## ADMINISTRACIÓN LOCAL

### MUNICIPAL

#### A CORUÑA

##### Área Economía, Facenda e Réxime Interior

*Modificación das bases do proceso selectivo para a cobertura dunha praza de axudante de arquivo, pola quenda libre, subgrupo a2, c.e. 9/18.*

#### ANUNCIO

Mediante Resolución do Concelleiro delegado de Economía, Facenda e Réxime Interior do 26/07/2022 acordouse:

**Primeiro.-** Modificar a base específica terceira da convocatoria do proceso selectivo convocado mediante Resolución do 28/05/2019 da Concelleira delegada de Facenda e Administración para a cobertura, como persoal funcionario de carreira, pola quenda libre, dunha praza de axudante de arquivo, da escala de administración especial, subescala técnica, clase técnicos medios (subgrupo A2) incluída na Oferta de emprego público do ano 2018 (BOP núm. 108 do 10/06/2019), ampliando as titulacións requiridas para o acceso á devandita praza para a súa adaptación aos requisitos esixidos na RPT vixente aprobada pola Xunta de Goberno Local o 29/04/2022 (BOP núm. 84 do 4/05/2022).

**Segundo.-** A base específica terceira quedaría redactada no seu punto a) nos seguintes termos:

“Posuír ou estar en condicións de obter a titulación de grao en biblioteconomía e documentación, historia do arte, humanidades, información e documentación e historia ou equivalente.

A efectos desta convocatoria, o termo equivalente entenderase referido exclusivamente ás titulacións que, como consecuencia da implantación de novos estudos adaptados ás sucesivas reformas educativas, viñeron substituír ás titulacións extinguidas.

No caso de titulacións obtidas no estranxeiro deberase estar en posesión da correspondente validación ou da credencial que acredite, no seu caso, a homologación. Este requisito non será de aplicación ás persoas aspirantes que obtivesen o recoñecemento da súa cualificación profesional, no ámbito das profesións reguladas, ao amparo das disposicións de dereito da Unión Europea.”

**Terceiro.-** De acordo co previsto na Lei 39/2015, do 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas, e na Lei 29/1998, do 13 de xullo, reguladora da Xurisdición Contencioso-Administrativa, contra a presente resolución, que pon fin á vía administrativa, poderá interpoñerse, con carácter potestativo, un recurso de reposición no prazo dun mes ante o mesmo órgano que a ditou ou un recurso contencioso-administrativo no prazo de dous meses ante o órgano competente da xurisdición contencioso-administrativa contados a partir do día seguinte ao da publicación da disposición impugnada

A Coruña, 27 de xullo do 2022

A XUNTA DE GOBERNO LOCAL, PD. (03/07/2019)

O director da Área de Economía, Facenda e Réxime Interior

Manuel Ángel Jove Losada